

# A CULTURA É UN DEREITO

.....  
CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS  
CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS  
.....

**XXIII XORNADA:**

**RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA**

## **BEATRIZ CASTILLO VALDIVIESO**

Beatriz é unha experimentada e destacada xestora cultural, promotora e vocalista con máis de dúas décadas de implicación directa na escena do metal extremo e o underground español. Orixinaria de Madrid e afincada na Coruña desde 2018, desenvolveu unha carreira polifacética que combina a expresión artística coa autoxestión e a promoción de eventos baixo a filosofía Do It Yourself (DIY).

Na súa traxectoria musical forxouse un lugar nas bandas madrileñas como Misty Grey como vocalista e en Barren Plains como vocalista e baixista. Tras o seu traslado a Galicia, incorporouse como vocalista á formación de doom metal Cruzeiro, onde continúa a súa actividade creativa actualmente.

Na actualidade, Beatriz lidera desde A Coruña o colectivo Black Lodge Sessions, unha plataforma dedicada á organización de eventos musicais underground que conta con máis de 20 sesións realizadas.